XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Plan de adaptación á situación da Covid-19

Curso 2020-2021

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Plan de adaptación á situación da Covid-19 no curso 2020/2021

1. Obxectivo....3
2. Marco legal....3
3. Datos xerais para a coordinación Centro docente - Centro de saúde – Xefatura Territorial....3
3.1.Datos do centro docente....3
3.2.Equipo Covid-19....4
3.3.Espazo de illamento Covid e elementos de protección....4
3.4.Centro de Atención Primaria de referencia....4
3.5.Datos de contacto coa Xefatura Territorial de Educación da Coruña....4
4. Medidas que afectan ás condicións laborais....4
5. Medidas de prevención básicas....5
5.1.Enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19....5
5.2.Proceso diagnóstico....5
5.3.Medidas xerais de protección individual....5
5.3.1.Conxunto dos membros da comunidade educativa....5
5.3.2.Alumnado....6
5.3.3.Profesorado....7
5.4.Medidas xerais de protección colectiva....8
6. Medidas de carácter organizativo....8
6.1.Medidas xerais en relación co alumnado transportado....8
6.2.Regulación de entradas e saídas e de circulacións....8
6.3.Consideracións xerais na aula ordinaria....9
6.4.Consideracións especiais doutro tipo de aulas....9
6.5.Normas específicas para o alumnado con NEE e uso da aula de PT-AL e Departamento de Orientación....10
6.6.Cambios de clase....10
6.7.Aseos....10
6.8.Recreos....11
6.9.Medidas relativas ás familias....12
6.10.Reunións....12
6.11.Normas relativas á realización de eventos....13
6.12.Protocolo de limpeza e desinfección....13
6.12.1.Consideracións xerais....13
6.12.2.Persoal de limpeza....13
6.12.3.Profesorado....14
6.12.4.Alumnado....14
7. Medidas de carácter formativo e pedagóxico....15
7.1.Educación en saúde....15
7.2.Aula virtual e ensino a distancia....15
7.3.Normas específicas relativas a metodoloxías na aula e programacións....16
8. Material de protección....16
8.1.Rexistro e inventario do material....16
8.2.Determinación do sistema de compras do material de protección....16
8.3.Distribución e entrega de material....16
9. Información e distribución do Plan entre a comunidade educativa....17
10. Propostas de mellora....17
11. Anexo....18
11.1.Procedemento de actuación para a xestión da vulnerabilidade en ámbitos non sanitarios nin sociosanitarios....18
11.2.Solicitude para a determinación de persoal especialmente sensible....20
11.3.Certificación de condicións de seguridade no centro educativo....22
11.4.Enquisa diaria de autoavaliación clínica da Covid-19....24

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

11.5.Declaración responsable....26
11.6.Plano de localización do xel hidroalcólico, panos desbotables, papeleiras con tapa e contedores da fracción resto....28
11.7.Zona de recepción de mercadorías....30
11.8.Rexistro de incidencias para a reposición de material de limpeza e hixiene....32
11.9.Orientacións e consideracións prácticas sobre o uso e coidado das máscaras....34
11.10.Uso obrigatorio de máscara....37
11.11.Consellos para realizar unha hixiene de mans adecuada....39
11.12.Cartel de lavado de mans....42
11.13.Cartel de manteña a distancia de seguridade....44
11.14.Capacidade máxima....46
11.15.Decálogo de medidas preventivas fronte a Covid-19 e outros carteis de normas básicas....49
11.16.Carteis do espazo de illamento....54
11.17.Plano de circulación nas entradas, saídas e no interior do centro....57
11.18.Modelo xeral da distribución na aula....61
11.19.Cadro de control para a limpeza dos aseos....63
11.20.Cadro de control das ventilacións....65
11.21.Carteis para a sinalización da porta de entrada e saída do centro....67
11.22.Programa de acollida....72
11.22.1.Novas normas de organización e funcionamento do centro....73
11.22.2.Actuacións de prevención, hixiene e protección....74
11.22.3.Accións formativas para a mellora da competencia dixital....75
11.22.4.Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión....76
11.23.Plan de continxencia....77
11.23.1.Procedemento ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid-19 fóra do centro....78
11.23.2.Procedemento ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid-19 no centro....78
11.23.3.Xustificación das ausencias debido a sintomatoloxía Covid-19....80
11.23.4.Procedemento fronte a unha confirmación dun contaxio pola Covid-19....81
11.23.5.Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial....81
11.23.6.Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial....83
11.24.Protocolo para o funcionamento da Unidade de Educación Especial....84

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

1. Obxectivo

Unha vez pasada a primeira onda epidémica é necesario recuperar a normalidade na actividade escolar coas necesarias precaucións de utilización de equipos de protección e distanciamento físico.

O obxectivo deste plan é protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19, así como a detección precoz de casos e a súa xestión adecuada.

2. Marco legal

- **"Plan de Reactivación no ámbito Infanto Xuvenil en relación coa infección polo VIRUS SARS-CoV 2"**, aprobado o 8 de xuño do 2020 polo Comité Clínico Sanitario da Consellería de Sanidade.

- ***"Acuerdos para el inicio y desarrollo del curso 2020-2021"*** recollido na "***Orden EFP/561/2020, de 20 de junio, por la que se publican Acuerdos de la Conferencia Sectorial de Educación, para el inicio y el desarrollo del curso 2020-2021" (BOE 24-06-2020)***.

- ***"Medidas de prevención, higiene y promoción de la salud frente a covid-19 para centros educativos en el curso 2020-2021"*** do 22 de xuño do 2020 elaborado polo Ministerio de Sanidade

- Protocolo de adaptación ao contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021. Versión 22-07-2020 e versión 16-09-2020.

- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

- Instrucións polas que se incorporan a Declaración de actuacións coordinadas en materia pública aprobadas polo *"Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud Pública"* e a actualización das recomendacións sanitarias do comité clínico ao protocolo do 22 de xullo de adaptación ao contecto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021.

- Protocolo de prevención da transmisión da Covid-19 no alumnado con necesidades educativas especiais para o ámbito educativo.

3. Datos xerais para a coordinación Centro docente - Centro de saúde – Xefatura Territorial

3.1. Datos do centro docente

IES LAMAS DE CASTELO		**Código**: 15027885
Dirección: Lamas de Castelo s/n 15293 Carnota	**Correo electrónico:** ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal	**Teléfono:** 881867200
Responsable da dirección do centro: Mª Isabel Trillo González		

	1ºESO	2ºESO	3ºESO	4ºESO	Total
Nª alumnado	17	16	21	15	69

Persoal docente

❑ 15 docentes: 11 profesores/as de ensino secundario, 3 mestres/as de primaria e 1 de Relixión Católica
❑ 10 contan con destino definitivo no centro

Persoal de administración e de servizos

O centro dispón de:
❑ Unha auxiliar administrativa
❑ Un subalterno
❑ Dúas de persoal de limpeza (unha delas a media xornada)
❑ Un auxiliar técnico educativo

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

3.2. Equipo Covid-19

Equipo Covid-19	Constitución: Setembro - Curso 2020/2021
Membros:	
1	**Mª Isabel Trillo González (Directora):** coordinadora Covid e interlocutora coa administración
2	**Uxío Formoso López (Xefe de Estudos)**
3	**Eva Sampedro Ageitos (Orientadora)**

O Equipo Covid terá unha canle informática específica habilitada pola Consellería de Educación, denominada **EduCovid**, para a comunicación dos datos básicos dos contactos estreitos dos casos confirmados para que o Centro de Seguimento de Contactos (CSC) alerte da existencia de casos positivos confirmados no centro.

Os membros do Equipo Covid recibirán formación a través dun curso que se desenvolverá en rede, dende o día 04/09/2020 ata o día 30/09/2020 a través da aula virtual do CAFI.

3.3. Espazo de illamento Covid e elementos de protección

O centro conta cun espazo de uso individual para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. O espazo habilitado para tal fin é o que ata o de agora era a aula de atención a familias (ver plano ***anexo 11.6***). Este espazo conta con:

- ventilación adecuada
- solución hidroalcólica
- papeleira de pedal
- panos desbotables
- dotación de máscaras cirúrxicas e FFP2
- pantalla de protección e batas desbotables

3.4. Centro de Atención Primaria de referencia

O centro de saúde co que se poñerá en contacto a persoa responsable do equipo Covid do centro educativo para resolver calquera dúbida ou incidencia no centro será:

Centro de saúde de Carnota	
Dirección: Praza San Gregorio – Carnota C.P. : 15293	**Teléfono:** 981834082
Persoa de contacto: José Rodríguez Campos (Na súa ausencia chamar ao Xefe de Servizo Muros: Dr. Fabeiro)	**Teléfono:** 981834082 **Teléfono (xerencia área sanitaria Santiago de Compostela):** 981950960

3.5. Datos de contacto coa Xefatura Territorial de Educación da Coruña

Xefe territorial: Indalecio Cabana Leira	
Dirección correo electrónico: xefe.territorial.coruna@edu.xunta.es	**Teléfono:** 981 18 47 02

4. Medidas que afectan ás condicións laborais

O persoal docente e non docente deberá permanecer no seu posto de traballo ata que se determine, se é o caso, que se trata de persoal especialmente sensible (persoas con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida (IMC>40), embarazo e maiores de 60 anos).

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Tal e como se recolle no ***anexo 11.1***, o simple feito de que o/a traballador/a presente algunha das patoloxías indicadas non determina a súa consideración de traballador/a como especialmente sensible. Para ter esta consideración o/a empregado/a público deberá solicitar a avaliación da súa saúde en relación a COVID-19 que seguirá os seguintes pasos:

Actuación	Documento
1. A persoa interesada na declaración de persoal sensible por causas de saúde, deberá dirixir a súa solicitude á dirección do centro educativo onde presta os seus servizos.	▪ ***Anexo 11.2***
2. A dirección do centro educativo emitirá, por cada solicitante, un informe.	▪ ***Anexo 11.3***
3. A dirección do centro educativo remitirá no mesmo día a relación das solicitudes e informes á Inspección Médica Educativa da Xefatura Territorial.	
4. A Inspección Médica Educativa analizará a petición achegada.	
5. Mentres se tramita o informe da Inspección Médica, o/a traballador/a terá a obriga de acudir presencialmente ao centro.	

5. Medidas de prevención básicas

5.1. Enquisa de autoavaliación clínica da Covid-19

O persoal docente, non docente e o alumnado (ou os seus pais/nais ou titores legais) do centro educativo realizarán unha autoavaliación dos síntomas de forma diaria, cada mañá antes da chegada ao centro, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. Utilizarase a **enquisa clínico-epidemiolóxica** que se describe no ***anexo 11.4***.

A estes efectos, cada familia asinará unha **declaración responsable** ao inicio do curso escolar (***anexo 11.5***)

O procedemento a seguir no caso de que a sintomatoloxía presentada sexa compatible será o descrito no **Plan de Continxencia do Centro (*anexo 11.23*).**

5.2. Proceso diagnóstico

Antes do inicio do curso todo o profesorado e persoal do centro foi citado para un test de cribado da Covid-19.

5.3. Medidas xerais de protección individual

A continuación establécense as medidas xerais de protección individual para cada un dos membros da comunidade educativa e que serán de obrigado cumprimento para o curso 2020-2021.

5.3.1. Conxunto dos membros da comunidade educativa

Medida	Observacións
Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.	
Hixiene de mans.	▪ Lavado frecuente e meticuloso das mans con **auga e xabón**, durante polo menos 40 segundos. Para que sexa eficaz, é importante secar as mans despois de lavalas usando un pano desbotable. **(*anexos 11.11 e 11.12*)** ▪ Solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Haberá dispensadores na entrada e en espazos comúns **(*anexo 11.6*)**. ▪ Particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo e sempre despois de ir ao aseo ou cando menos cinco veces ao longo da xornada. ▪ Instalación de portapanos desbotables nos aseos e espazos comúns.
Prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo.	

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Hixiene respiratoria.	▪ Ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa (non poden quedar enriba da mesa ou ser gardados no peto, deben desbotarse de xeito inmediato), ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre separándose do resto das persoas. ▪ Manter a distancia física recomendada e falar sen elevar demasiado a voz. ▪ **Uso obrigado da máscara** durante toda a xornada lectiva e en todos os espazos do centro. Informarase do uso correcto da mesma e do xeito de poñela e sacala e acompañarase de cartelería (***anexos 11.9 e 11.10***). ▪ Cando sexa necesario o cambio, realizarase sempre nos aseos. No caso de ter que prescindir nun momento concreto da máscara durante as clases para limpar os mocos ou beber, farase fóra da aula. ▪ **A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada**.
Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros.	▪ De forma xeral nas interaccións entre as persoas do centro educativo. Haberá *cartelería* recordando dita distancia e a capacidade máxima en certos espazos de uso habitual (***anexos 11.13 e 11.14***).
Limpeza e desinfección xeral do centro e do mobiliario.	▪ Foi realizada.
Evitar o uso de luvas.	▪ No caso do persoal de limpeza o seu uso limitarase ao momento de utilizar substancias abrasivas para a pel.

Xestión de residuos

Os panos desbotables empregados na hixiene de mans e respiratoria serán refugados en papeleiras con bolsa ou contedores protexidos con tapa e, preferentemente, accionados con pedal (ver situación no ***anexo 11.6***).

Todo o material de hixiene persoal (máscaras, luvas,...) debe depositarse na fracción resto **(*anexo 11.6*).**

5.3.2. Alumnado

Medida	Observacións	Responsable(s)
Nas **clases en aulas** dispoñeranse sentados en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido (en liñas e mirando cara o posto do profesor/a), gardando unha **distancia mínima de 1,5 metros** desde o centro das cadeiras (ver modelo de distribución da aula no ***anexo 11.18***).	▪ Cando o tamaño da aula o permita, adoptarase a maior distancia posible entre pupitres. ▪ Ao inicio do curso escolar os pupitres estarán debidamente colocados nas aulas e as distancias estarán marcadas no chan con cinta adhesiva. ▪ Nas materias que a metodoloxía o requira o alumnado poderá estar encarado, pero nunca a unha distancia inferior a 1,5 metros.	▪ Equipo directivo
	▪ Revisión continua da distancia de seguridade.	▪ Profesorado
Uso obrigado da máscara.	▪ É obrigatorio levar unha segunda máscara de recambio e un estoxo específico para gardala.	▪ Alumnado/ familias e resto da comunidade educativa
Non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.	▪ Cada alumno/a depositará o seu material no seu pupitre coa maior orde posible (estoxos, mochilas...), non se poderán utilizar outros espazos da aula para evitar confusións e manipulación por parte doutros compañeiros/as. ▪ Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.	▪ Profesorado ▪ Profesorado titor

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Na medida do posible **non manipularán as ventás, portas, persianas, chaves da luz, proxectores e outras ferramentas pedagóxicas.**	▪ Serán unicamente usadas polo profesorado.	▪ Profesorado
Hixiene de mans nas entradas e saídas das aulas de tecnoloxía, laboratorio, música, ximnasio, plástica, biblioteca e informática.	▪ Solución hidroalcólica.	▪ Profesorado

No cortizo de cada aula haberá un **decálogo coas medidas máis importantes** que debe cumprir o alumnado, no centro tamén haberá outra *cartelería* para lembrar as normas a seguir antes de chegar ao centro e na aula (**anexo 11.15**). Todas estas normas básicas quedan recollidas no **programa de acollida (*anexo 11.22*).**

Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de **condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo**.

5.3.3. Profesorado

Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

Medida	Observacións	Responsable(s)
Limpeza de mesa e cadeira e así como de calquera material de uso non individual nas aulas que utilizase.	▪ O profesorado dispoñerá dunha dotación de material de limpeza e desinfección. Deberá avisar coa antelación suficiente para que se lle repoña.	▪ Profesorado
Hixiene das mans e do material de uso docente en cada cambio de grupo, cumprimento das medidas de ventilación e lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado.		▪ Profesorado
Manipulación de ventás, portas, persianas, chaves da luz, proxectores e doutras ferramentas pedagóxicas coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.	▪ Non se pode delegar no alumnado dita responsabilidade.	▪ Profesorado
Asegurarse de que o material estea recollido e desinfectado polo alumnado.	▪ Especial atención nas aulas de tecnoloxía, biblioteca, laboratorio, música, ximnasio, plástica e informática.	▪ Profesorado
Realización de reunións de titorías de forma non presencial mediante vídeochamada ou teléfono.	▪ Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores a reunión será presencial e terá lugar na aula de atención ás familias que ata o de agora era a radio. ▪ Deberá gardarse a distancia de seguridade e será obrigatorio o emprego de máscara en todo momento. ▪ Haberá a disposición dos usuarios produtos de limpeza de mans.	▪ Profesorado titor ▪ Profesorado

O persoal docente (e non docente) que incumpra as instrucións deste protocolo será sancionado en base ao previsto na súa normativa.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

5.4. Medidas xerais de protección colectiva

Medida	Responsable(s)
Nas entradas do centro disporase de produtos de hixiene que permitan, tanto ao persoal do centro coma ao alumnado e usuarios dos espazos de atención ao público, realizar unha adecuada hixiene das mans.	▪ Equipo Covid ▪ Secretario/a
En todas as aulas e aseos, na zona máis próxima á porta da mesma, **colocarase un dispensador de xel hidroalcohólico e unha papeleira con tapa accionada con pedal e panos desbotables**. Tamén haberá material de limpeza e desinfección.	▪ Equipo Covid ▪ Secretario/a
Recordarase mediante cartelería **(*anexo 11.13*)** a **distancia mínima de seguridade de 1.5 metros**, tanto nos accesos como nos espazos de atención ao público, para evitar a acumulación de persoas.	▪ Equipo Covid ▪ Secretario/a
Nas mesas, mostradores e despachos de atención ao público, establecérase unha distancia mínima de **1.5 metros** entre o usuario e o persoal, agás que se habiliten elementos de protección colectiva no posto no que se realiza a atención ao público (mamparas, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.).	▪ Equipo Covid ▪ Secretario/a
Nos espazos onde se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita **facilitarase o material de escritura que deberá ser desinfectado polo usuario**.	▪ Conserxe ▪ Auxiliar administrativa

6. Medidas de carácter organizativo

6.1. Medidas xerais en relación co alumnado transportado

Medida	Responsable(s)
Obriga do emprego de máscara.	▪ Condutor
Cada usuario/a debe ocupar o seu asento en todo momento.	

6.2. Regulación de entradas e saídas e de circulacións

A **porta de entrada** para o alumnado e persoal externo ao centro será a dobre porta, situada diante da conserxaría (ver plano das entradas no ***anexo 11.17***). Sinalizado mediante cartelería **(*anexo 11.21*)**.

Cando o alumnado transportado chegue ao instituto, baixará dos autobuses de xeito ordenado (en fila de a un e mantendo a distancia de seguridade) e por estrita orde de chegada dos mesmos. Ata que se finalice por completo a baixada do alumnado dun autobús, o seguinte non abrirá as súas portas.

A continuación, o alumnado irase distribuíndo por grupos no vestíbulo tal e como está sinalizado no chan quedando 1º e 2º ESO máis preto das escaleiras dianteiras, ao carón da conserxería (polas que procederán a subir ás súas aulas de referencia en canto toque o timbre ás 8.40h), e 3º e 4ºESO preto das traseiras, ao carón do ximnasio (polas que accederán á clase ás 8.40h).

A **porta de saída** será a outra existente no vestíbulo (ver plano das saídas no ***anexo 11.17***). Sinalizada mediante cartelería **(*anexo 11.21*).**

O profesorado, persoal de limpeza e conserxe utilizarán, preferiblemente, a porta situada ao carón do despacho de xefatura para realizar as súas entradas e saídas (ver os planos das entradas e saídas no ***anexo 11.17***).

A **zona de recepción de mercadorías** está situada ao carón do mostrador de conserxaría. De ser mercadoría de moito volume habilitarase outra zona no vestíbulo.

Durante o **recreo** a saída ao patio efectuarase pola porta situada máis preto do ximnasio. A entrada efectuarase pola porta situada entre o vestíbulo e o espazo situado diante da biblioteca. A baixada desde as aulas e a súa posterior subida farase desde as escaleiras máis próximas (ver os planos das entradas e saídas no ***anexo 11.17***).

Nas **escaleiras** a circulación será **en fila de a un e circulando sempre pola man dereita**, tanto para a subida e a baixada e respectando a distancia de seguridade de 1,5 m (ver os planos das entradas e saídas no ***anexo 11.17***).

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Nos **corredores** a **circulación farase pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade**, seguindo a **sinalización do chan** (ver o plano de circulación no interior do centro no ***anexo 11.17***). No caso de que haxa que cruzar transversalmente o corredor agardarase a que o alumnado que circula no seu sentido acabe de pasar.

O **profesorado de garda velará pola orde dos movementos e fluxos do alumnado nos corredores**, evitando as aglomeracións e asegurándose de que o alumnado agarde polo profesor/a en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade (ver o plano de circulación no interior do centro no ***anexo 11.17***).

As aulas de referencia e de desdobres non se pecharán con chave para evitar que o alumnado se acumule na porta de entrada. En aulas específicas pechadas con chave será o profesorado de garda quen se encargue de abrila se non foi aberta previamente polo profesorado de materia.

6.3. Consideracións xerais na aula ordinaria

Cada grupo terá unha aula de referencia onde a cada alumno/a se lle asignará un pupitre e percha propios para gardar o seu material de xeito diferenciado evitando o contacto co resto dos compañeiros/as.

As **aulas de referencia** son, para os diferentes grupos, as seguintes (ver planos ***anexo 11.17***): **1º ESO:** ABALAR 2ºA. **2º ESO:** MATEMÁTICAS. **3º ESO:** TECNOLOXÍA (cando estea todo o grupo xunto) e ABALAR 1ºA e LINGUA GALEGA, para os subgrupos 3ºA e 3ºB durante os desdobres, respectivamente. **4ºESO:** XEOGRAFÍA E HISTORIA.

Evitarase o desprazamento do alumnado na aula.

O alumnado só cambiará de clase para aquelas materias que requiran de aulas específicas.

Cando un profesional presta asistencia no **mesmo espazo con diferentes alumnos/as de xeito consecutivo** (orientador/a, profesor/a especialista, ou calquera outro) **ventilarase** a aula ou sala polos menos **15 minutos** logo de cada sesión.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

Ao finalizar a xornada lectiva o alumnado levará todas as súas pertenzas para a casa e así facilitar a limpeza dos pupitres (exceptuando algún material específico autorizado por xefatura de estudos).

6.4. Consideracións especiais doutro tipo de aulas

Inclúense aquí: **ximnasio, taller de tecnoloxía, laboratorio, aula de música, plástica, biblioteca, informática e outras de uso compartido.**

Nestas aulas é **obrigatoria a hixiene de mans** nas entradas e saídas das mesmas.

O **material** que sexa **compartido**, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser **desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase**.

No caso da **clase de educación física** os **exercicios** serán **individuais** na medida do posible minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos/as. **O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros** e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

A entrada ao ximnasio farase de xeito ordenado e mantendo a distancia de seguridade e respectando o circuíto de entrada e saída que se poida establecer. A medida que o alumnado vai entrando irase colocando na zona da pista baixo as mesmas normas, agardando a que a profesora dea orde de ir ao vestiario. Unha vez cambiado/a cada alumno/a deberá colocarse nunha zona concreta do ximnasio segundo a actividade a realizar e as indicacións da profesora de materia.
Os vestiarios masculinos e femininos poderán ser empregados por tres usuarios/as á vez en cada un para cambiarse garantindo a distancia de seguridade. Cada quenda entrante desinfectará o banco empregado utilizando o material de desinfección dispoñible.

Na aula de música de ser preciso a utilización de instrumentos de vento (especialmente a frauta) a distancia interpersoal elevarase a 3 metros.

No taller de plástica o alumnado poderá gardar o material específico (pinturas, pinceis, cadernos de debuxo, láminas...) en caixas personalizadas co seu nome para evitar confusións.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Despachos, sala do profesorado e conserxaría

Nos despachos compartidos por varios departamentos a capacidade **máxima** será de **2 profesores/as** e mantendo a distancia de seguridade e normas de protección.

Na sala do profesorado a capacidade máxima será de 8 persoas e manterase en todo momento a distancia de seguridade - apélase á responsabilidade do profesorado que se entra e considera que non é posible mantela deberá permanecer fóra ata que a capacidade o permita-.

O conserxe é o encargado de realizar o traballo de reprografía que o profesorado solicitará con antelación suficiente. A estes efectos, a conserxaría será ocupada só polo conserxe que tamén subministrará o material que se precise de secretaría mentres esta non se habilite para a atención directa ao público.

6.5. Normas específicas para o alumnado con NEE e uso da aula de PT-AL e Departamento de Orientación

A **atención ao alumnado con NEE levarase a cabo na unidade de educación especial** e contará cun protocolo específico que unha vez elaborado recollerase no **anexo 11.24**.

No caso de que non poda facer uso da máscara e a súa atención requira non respectar a distancia de seguridade garantirase a súa protección individual co uso de pantalla/viseira.

A **auxiliar técnico-educativo será a encargada en todo momento de organizar o acompañamento** nas entradas, saídas, traslado polo centro e recreos, así como a hixiene de mans.

Cando este alumnado se incorpore a aula ordinaria adoptaranse con el as mesmas medidas de funcionamento da aula ordinaria.

No uso do elevador (limitado ás persoas que o precisen por motivo de mobilidade e acompañamento) débese usar máscara.

O alumnado que acuda ás sesións de PT, AL ou ao Departamento de Orientación terá que cumprir coas mesmas medidas de protección, hixiene e distanciamento social.

Estas aulas tamén serán ventiladas polo docente e contarán con solucións hidroalcólicas, panos desbotables e material de desinfección para a limpeza da mesa, cadeira e material compartido por parte do alumnado entrante.

6.6. Cambios de clase

O alumnado debe **permanecer no seu sitio** durante os cambios de clase.

No caso de ter que trasladarse a outra aula, o delegado/a avisará ao profesor/a anterior (que tamén dispoñerá do horario da aula) para que finalice a súa clase 5 minutos antes para organizar a saída.

A **saída** será **ordenada** e **continua**, **de 1 en 1**, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións do alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, **ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras**.

6.7. Aseos

Limitarase a súa capacidade a un terzo (**1 persoa**) que será controlada polo profesorado de garda.

Hixiene de mans á saída.

O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos máis próximos á entrada do centro.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

6.8. Recreos

Obrigatorio o uso de máscara.

Deberase gardar a distancia de 1,5 metros.

Espazos:

Biblioteca

Capacidade máxima 15 persoas (incluíndo persoal da biblioteca).

Lavado e desinfección de mans antes de entrar e ao saír da biblioteca (xel hidroalcólico accesible na entrada).

Mantemento do distanciamento social : distancia de seguridade mínima de 1,5 m. entre as persoas, e por tanto prohibición dos agrupamentos nas mesas/ recuncho de lectura de BD.

Lectura, estudo e/ ou traballo en sala: **2 persoas por mesa.**

Respectar as indicacións do circuíto de entrada e saída marcados.

Respectar a distancia de seguridade coa mesa do bibliotecario/-a : 1,5 metros.

Consulta en sala e préstamo:

I. Prohíbese o uso de xogos de mesa e materiais semellantes de uso compartido.
II. Anúlase o acceso directo aos materiais de consulta/lectura dos andeis: solicitaranse ao bibliotecario/-a ou persoa encargada.
III. Os materiais para préstamo serán solicitados previamente (por correo electrónico, verbalmente ou a través dunha folla de petición), e só serán manipulados por persoal da biblioteca (membros do equipo e/ ou axudantes).
IV. Todo o material emprestado e devolto en sala, será deixado na caixa de corentena habilitada para tal fin. Non volverá a estar dispoñible ao uso ata pasadas un mínimo de 4 horas de corentena.
V. O material emprestado a domicilio e devolto, será deixado na caixa de corentena habilitada para tal fin. Non volverá a estar dispoñible ao uso ata pasadas entre un mínimo de 4 e ata 24 horas de corentena. (Tamén as mochilas viaxeiras, se volven a circular)
VI. Haberá un dispensador de xel hidroalcólico por mesa listo para o seu uso.
VII. Nas mesas, unha vez rematada a actividade de lectura, consulta ou traballo e deixada libre, procederase á súa limpeza por parte do usuario/a, para permitir o seu uso por outra persoa.

Acceso a ordenadores:

Só estará dispoñible ao uso por parte do alumnado 1 posto, dos 3 operativos. É a única maneira de garantir a distancia de seguridade. O posto ha de ser limpado tralo seu uso polo usuario/a.

Limpeza e desinfección:

I. Limpeza e desinfección diaria da biblioteca. Limparanse e desinfectaranse as instalacións, mobiliario e equipamentos de traballo. Prestarase especial atención ás zonas de uso común e ás superficies de contacto máis frecuentes (mostradores, pomos de portas, mesas, mobles, chans).
II. Ventilación mínima de 15 minutos entre sesións de uso da biblioteca, e diaria sempre que sexa posible.
III. Ventilación por parte do conserxe seguindo o protocolo de limpeza.

Ximnasio

Capacidade máxima 30 persoas.

Os luns, mércores e venres o ximnasio estará reservado para o alumnado de 1º e 2ºESO; o martes e xoves para 3º e 4º.

Seguiranse as indicacións da profesora encargada da garda de ximnasio.

Patio

Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan o alumnado poderá facer uso do mesmo. Non se permitirán xogos colectivos que non garantan a distancia de seguridade.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Cafetaría

Este curso 2020/2021 permanecerá pechada, porén habilitarase como espazo para que o alumnado poida comer e beber durante o recreo, de ser posible para todos os cursos e con capacidade limitada a 8 persoas.

Corredor da planta baixa

O corredor inferior poderá ser utilizado durante os recreos polo alumnado e, xunto co patio e cafetaría, será as zonas onde se **realizará o consumo de comida e bebida** (**momento no que poderán desprenderse da máscara sempre e cando manteñan a distancia de seguridade**).

O profesorado de garda do corredor durante o recreo velará para que no corredor inferior non se produzan aglomeracións que subvertan a orde de distanciamento social , para tal fin gozará da potestade para poder distribuír ao alumnado nos diferentes espazos habilitados no recreo sen que se exceda a capacidade máxima e respectando as posibles quendas establecidas. Sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan o alumnado distribuirase preferiblemente ao aire libre.

Corredor do primeiro andar

As mochilas, cazadoras e outro material do alumnado non poderá quedar ás portas das aulas durante o recreo, deberá quedar na aula de referencia.

6.9. Medidas relativas ás familias

Utilizaranse como mecanismos de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro, os SMS, o correo electrónico do centro e as chamadas telefónicas.

Solicitarase a comezo de curso a todas as familias que descarguen a aplicación **AbalarMóbil**.

Os Consellos Escolares celebraranse preferentemente de xeito telemático.

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial farase na aula de atención ás familias (antiga radio), acudindo preferiblemente só un membro da familia.

6.10. Reunións

Profesorado

Posto que a capacidade máxima da sala do profesorado é de 8 persoas usarase calquera aula que determine o Equipo Directivo para que todas as reunións presenciais do profesorado se realicen garantindo as normas de protección colectiva. De consideralo oportuno, ben pola natureza das cuestións a tratar ou ben por notificacións ao Equipo Covid de sintomatoloxía no centro en datas próximas á reunión, faranse de xeito telemático.

Profesorado con persoal externo

Os Consellos Escolares celebraranse preferentemente de xeito telemático.

Nas reunións de titoría ou comunicacións coas familias por outros motivos priorizarase a comunicación por teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial farase na aula de atención ás familias -antigo local da radio-, acudindo preferiblemente só un membro da familia.

O horario das reunións non coincidirá nunca cos tempos de entrada e saída de alumnado do centro ou de baixada ou subida dos tempos de lecer para asegurar o máximo distanciamento social.

As reunións deberán ser con cita previa. Avisarase ao Equipo Covid para levar un rexistro que permita evitar a simultaneidade e organizar a limpeza e desinfección posterior.

As ferramentas empregadas para a realización das reunións a distancia será o **correo electrónico** e/ou **webex**. Nas reunións ordinarias o secretario remitiralles ós membros do órgano colexiado cunha antelación mínima dunha semana a convocatoria da reunión coa orde do día. A documentación necesaria xuntarase á convocatoria ou, de non ser posible, irase entregando nos días previos para o mellor desenvolvemento da sesión, sempre cunha antelación mínima de dous días salvo casos excepcionais nos que se poderá entregar durante a mesma. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia.
A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou emitido por correo electrónico.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

6.11. Normas relativas á realización de eventos

15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

PORTA DE SAÍDA





Entrada pola outra porta

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

11.22. Programa de acollida

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

PROGRAMA DE ACOLLIDA

Recollerá os cambios máis importantes derivados da suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020 para facilitar a incorporación do alumnado. Substitúe aos cadernos de acollida que se entregaban ao inicio de cada curso escolar.

TEMPORALIZACIÓN: nas dúas primeiras semanas do curso o profesorado titor dedicará os primeiros días de clase a explicar todas estas novidades e cada profesor/a encargarase de lembrarlle o funcionamento da súa clase. O proceso de formación continuará no primeiro trimestre por parte do profesorado titor e /ou axentes externos.

11.22.1. Novas normas de organización e funcionamento do centro.

Existencia de carteis e sinalización en todo o centro.

A porta de entrada para o alumnado e persoal externo ao centro será a dobre porta, situada diante da conserxaría.

Cando o alumnado transportado chegue ao instituto, baixará dos autobuses de xeito ordenado (en fila de a un e mantendo a distancia de seguridade) e por estrita orde de chegada dos mesmos. Ata que se finalice por completo a baixada do alumnado dun autobús, o seguinte non abrirá as súas portas.

A continuación, o alumnado irase distribuíndo por grupos no vestíbulo tal e como está sinalizado no chan quedando 1º e 2º ESO máis preto das escaleiras dianteiras, ao carón da conserxería (polas que procederán a subir ás súas aulas de referencia en canto toque o timbre ás 8.40h), e 3º e 4ºESO preto das traseiras, ao carón do ximnasio (polas que accederán á clase ás 8.40h).

A porta de saída será a outra existente no vestíbulo.

Nas escaleiras a circulación será en fila de a un e circulando sempre pola man dereita, tanto para a subida e a baixada e respectando a distancia de seguridade de 1,5 m.

Nos corredores a circulación farase pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade, seguindo a sinalización do chan. No caso de que haxa que cruzar transversalmente o corredor agardarase a que o alumnado que circula no seu sentido acabe de pasar.

Cada grupo terá unha aula de referencia onde a cada alumno/a se lle asignará un pupitre e percha propios para gardar o seu material de xeito diferenciado evitando o contacto co resto dos compañeiros/as.

O alumnado só cambiará de clase para aquelas materias que requiran de aulas específicas.

No caso da clase de educación física os exercicios serán individuais na medida do posible minimizando o uso de materiais que teñan que ser usados por varios alumnos/as. O uso da máscara será obrigatorio agás que se realicen no exterior, de maneira individual, a máis de 2 metros e que o uso da máscara resulte inadecuado ou imposibilite a práctica.

No caso de ter que trasladarse a outra aula, o delegado/a avisará ao profesor/a anterior (que tamén dispoñerá do horario da aula) para que finalice a súa clase 5 minutos antes para organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

Os aseos limitarán a súa capacidade a un terzo (1 persoa).

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Os espazos a ocupar durante o recreo son: corredor inferior, patio (neste dous é onde se realizará o consumo de comida e bebida), biblioteca e ximnasio (con normas específicas a cumprir). Esta curso a cafetería permanecerá pechada. Os luns, mércores e venres o ximnasio estará reservado para o alumnado de 1º e 2ºESO; o martes e xoves para 3º e 4º. Durante o recreo a saída ao patio efectuarase pola porta situada máis preto do ximnasio. A entrada efectuarase pola porta situada entre o vestíbulo e o espazo situado diante da biblioteca. A baixada desde as aulas e a súa posterior subida farase desde as escaleiras máis próximas.

As mochilas, cazadoras e outro material do alumnado non poderá quedar ás portas das aulas durante o recreo, deberá quedar na aula de referencia.

Utilizaranse como mecanismos de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro, os SMS, o correo electrónico do centro e as chamadas telefónicas.

Solicitarase a comezo de curso a todas as familias que descarguen a aplicación Abalarmóbil.

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial farase no local da radio, acudindo preferiblemente só un membro da familia.

Nas reunións de titoría e nas comunicacións por outros motivos coas familias priorizarase a comunicación por teléfono. Se non fose posible por imposibilidade dos proxenitores e a reunión teña que ser presencial farase no local da radio, acudindo preferiblemente só un membro da familia.

Quedan anuladas as seguintes celebracións: Magosto, Xantar de Convivencia de decembro , Entroido e excursión de fin de etapa de 4º de ESO. Poderanse realizar outras actividades co alumnado de cada grupo por separado.

11.22.2. Actuacións de prevención, hixiene e protección.

Prestarase especial atención a estas tarefas nos primeiros días do curso

O alumnado (ou os seus pais/nais ou titores legais) do centro educativo realizarán unha autoavaliación dos síntomas de forma diaria, cada mañá antes da chegada ao centro, a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2. (seguir o procedemento do plan de contixencia).

No transporte terán un sitio fixo e empregarán a máscara.

É obrigatorio levar unha segunda máscara de recambio e un estoxo específico para gardala. O incumprimento polo alumnado do uso da máscara será considerado como unha conduta leve contraria á convivencia.

No cortizo de cada aula haberá un decálogo coas medidas máis importantes que debe cumprir o alumnado.

Hixiene de mans particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo e sempre despois de ir ao aseo ou cando menos cinco veces ao longo da xornada. Solucións hidroalcohólicas en todos os espazos.

Hixiene respiratoria: ao tusir ou esbirrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se desbotará nunha papeleira con tapa (non poden quedar enriba da mesa ou ser gardados no peto, deben desbotarse de xeito inmediato), ou ben facelo contra a flexura do cóbado e sempre separándose do resto das persoas. As máscaras depositaranse no bidón da fracción resto situado no vestíbulo do centro.

Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros e non elevar demasiado a voz.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Nas clases en aulas dispoñeranse sentados en pupitres e todos orientados nun mesmo sentido (en liñas e mirando cara o posto do profesor/a), gardando unha distancia mínima de 1,5 metros desde o centro das cadeiras. Nas materias que a metodoloxía o requira o o alumnado poderá estar encarado, pero nunca a unha distancia inferior a 1,5 metros.

Non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as.

Na medida do posible non manipularán as ventás, portas, persianas, chaves da luz, proxectores e outras ferramentas pedagóxicas.

Hixiene de mans nas entradas e saídas das aulas de tecnoloxía, laboratorio, música, ximnasio, plástica e informática.

O alumnado debe permanecer no seu sitio durante os cambios de clase.

No caso de ter que trasladarse a outra aula, o delegado/a avisará ao profesor/a anterior (que tamén dispoñerá do horario da aula) para que finalice a súa clase 5 minutos antes para organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado. A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado. Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

O alumnado que acuda ás sesións de PT, AL ou ao Departamento de Orientación terá que cumprir coas mesmas medidas de protección , hixiene e distanciamento social.

Ao entrar nunha aula previamente ocupada o alumnado deberá hixienizar a cadeira e a mesa.

Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase.

O conserxe ventilará as aulas antes da entrada, no recreo e despois da saída e haberá unha limpadora polas mañás para desinfectar aseos, zonas de traballo compartidas e outros elementos susceptibles de manipulación.

11.22.3. Accións formativas para a mellora da competencia dixital.

A aula virtual do centro utilizarase nos supostos de educación a distancia e para o alumnado que estea gardando corentena.

Durante os primeiros días de clase, á maior brevidade posible: Asegurar que o alumnado, preferentemente de 1ºESO, coñece o funcionamento dos cursos e da metodoloxía. O profesorado dedicará o tempo que precise na aula de informática para afianzar as destrezas do alumnado no uso do seu curso virtual.

Ao finalizar o mes de setembro: a aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

11.22.4. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

Actuacións co alumnado a nivel grupal	
1	**Elaboración e aplicación** por parte da orientadora, dun **cuestionario inicial**, para valorar o impacto socioemocional da pandemia e poder establecer un punto de partida.
2	**Selección** de actividades sobre acollida, cohesión grupal, etc.
3	**Desenvolvemento das actividades referidas** por parte da orientadora, con cada grupo clase (na súa totalidade ou desdobrado segundo a ratio) que se desenvolverán durante as dúas primeiras semanas do curso.
4	**Continuación no primeiro trimestre** por parte do profesorado titor e/ou axentes externos (Asociación Vieiro, Cruz Vermella) das temáticas desenvolvidas inicialmente pola orientadora e outras relacionadas coa educación para a saúde a cargo de: COFGA…..
Actuacións co alumnado a nivel individual	
1	**Detección** do alumnado que poida precisar una atención individualizada.
2	**Atención e/ou derivación** por parte do DO ao alumnado que precise intervención e/ou apoio psicolóxico especializado.
Actuacións coas familias	
1	**Reunión inicial para valorar impacto pandemia.** <u>Puntos a abordar:</u> -Especificidades desta pandemia respecto doutras. -Reflexións sobre o impacto nos/as adolescentes. -Claves que nos poden axudar a coidarnos e como facelo. -Información sobre actividades a desenvolver co alumnado no centro. -Información sobre que facer en caso de detectar alteracións emocionais.
2	**Aplicación de cribado de detección de posibles problemas emocionais, de estrés e ansiedade.**

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

11.23. Plan de continxencia

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

O Plan de Continxencia do IES Lamas de Castelo ten por finalidade establecer os procedementos a seguir ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid-19 fóra ou no centro para o alumnado, persoal docente, non docente e outros profesionais; o procedemento no caso de que se interrompa a actividade lectiva presencial nun aula/etapa educativa/centro como consecuencia da aparición dun gromo así como os procesos para o reinicio da actividade académica presencial.

11.23.1. Procedemento ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid-19 fóra do centro

	Actuación	Observacións
1º	**Non acudir ao centro educativo.**	
2º	**Poñerse en contacto co centro de saúde de referencia.**	• No caso do persoal docente e non docente , de ser o caso, cos facultativos da mutua. •A familia dun/ha alumno/a con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico/a de atención primaria.
3º	**Chamar ao teléfono xeral do centro educativo.**	• O conserxe tomará nota e avisará ao Equipo Covid con carácter inmediato.
4º	**Comunicar o suposto caso a través da canle EduCovid.**	•A comunicación levaraa a cabo a responsable do Equipo Covid.
5º	**Illamento preventivo domiciliario ata coñecer o resultado da proba.**	•Os facultativos valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas.
6º	**Comunicación do resultado da proba (reproducir pasos da actuación nº3).**	• **En caso negativo**: reincorporación ao centro no mesmo día de ser posible ou no día seguinte no horario habitual. •**En caso positivo**: ver apartado 11.23.4
	Outras consideracións	
	Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o persoal docente, non docente ou alumnado que conviva con ela no poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.	

11.23.2. Procedemento ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa Covid-19 no centro

1. Persoal docente e non docente		
	Actuación	**Observacións**
1º	**O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara cirúrxica.**	•O persoal docente avisará a xefatura de estudos e o non docente ao secretario, de non ser posible avisará a calquera membro do equipo directivo, que o comunicará a responsable do Equipo Covid. •De non posuír unha máscara cirúrxica facilitaráselle unha.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

	Antes de abandonar o centro deberá comunicar a relación das papeleiras das que fixo uso aos axentes citados previamente.	
2º	**Illar as papeleiras empregadas polo traballador/a.**	• Persoal de limpeza
	As bolsas do lixo de ditas papeleiras serán extraídas e colocadas nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.	
3º	**Poñerse en contacto co centro de saúde de referencia.**	• De ser o caso cos facultativos da mutua.
	En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061.	
4º	**Illamento preventivo domiciliario.**	•Os facultativos valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas.
5º	**Comunicación do resultado da proba ao teléfono xeral do centro.**	• O conserxe tomará nota e avisará ao Equipo Covid con carácter inmediato. • **En caso negativo**: reincorporación ao centro no mesmo día de ser posible ou no día seguinte no horario habitual. •**En caso positivo**: véxase apartado 11.23.4
	Outras consideracións	
	Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o persoal docente, non docente ou alumnado que conviva con ela no poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.	

2. Alumnado		
	Actuación	**Observacións / Responsables(s)**
1º	**O profesorado de garda levarao a un espazo separado de uso individual (espazo de illamento habilitado).**	• O profesorado de garda será avisado polo conserxe que previamente será avisado polo delegado/a. •O/a alumno/a deberá levar todas as súas pertenzas consigo. • O/a alumno/a como o profesor/a de garda deberán colocarse unha máscara cirúrxica.
	De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.	
	Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo que designe o Equipo Covid do centro no patio cuberto exterior, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan, ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada (priorizarase o uso da actual aula de atención ás familias e de estar ocupada, empregarase a cafetería).	
2º	**Obter unha relación das papeleiras das que fixo uso o/a alumno/a ao longo da xornada e comunicarlla ao persoal de limpeza.**	• Profesorado de garda (mentres acompaña ao alumno/a ao espazo de illamento)
3º	**Illar as papeleiras empregadas polo alumno/a.**	• Persoal de limpeza

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

	As bolsas do lixo de ditas papeleiras serán extraídas e colocadas nunha segunda bolsa de lixo, con peche, para o seu depósito na fracción resto.	
4º	**Contactar coa familia que deberá presentarse no centro coa menor brevidade para recoller ao seu/súa fillo/a.**	• Profesorado de garda • Conserxe / Auxiliar administrativa • Equipo Covid
	Unha vez o/a alumno/a abandonase o centro educativo realizarase a debida limpeza do espazo de illamento.	
5º	**Poñerse en contacto co centro de saúde de referencia**	•A familia do/a alumno/a con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houbese cita para as ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico/a de atención primaria.
	En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria o profesorado ao cargo chamará ao **061**	
6º	**Comunicación por parte da familia do resultado da proba ao teléfono xeral do centro.**	• O conserxe tomará nota e avisará ao Equipo Covid con carácter inmediato • **En caso negativo**: reincorporación ao centro no mesmo día de ser posible ou no día seguinte no horario habitual • **En caso positivo**: véxase apartado 11.23.4

11.23.3. Xustificación das ausencias debido a sintomatoloxía Covid-19

Alumnado

A forma de proceder cando o alumnado se ausente por presentar sintomatoloxía compatible coa Covid-19 será a seguinte:

Caso particular	Medidas	Responsable(s)
Detección de sintomatoloxía compatible coa COVID-19 na casa.	▪ O alumnado **non acudirá ao centro** e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a. ▪ Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais.	▪ Pai/nai ou titores legais
Detección de sintomatoloxía compatible coa COVID-19 no centro.	▪ Desde o inicio do curso hai un espazo de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. ▪ Este espazo conta con ventilación adecuada, solución hidroalcohólica, papeleira de pedal, panos desbotables e máscaras cirúrxicas.	▪ Equipo Directivo
Detección de sintomatoloxía compatible coa COVID-19 no centro.	A súa ausencia da clase está totalmente xustificada e non se lle poñerá falta mentres o alumno estea no centro; unha vez abandone o centro poñéraselle falta xustificada.	▪ Profesorado de materia ▪ Profesorado titor
Persoa do núcleo familiar sospeitosa de padecer a COVID-19	▪ O alumnado que conviva con elas non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado negativo da proba. ▪ A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.	▪ Pai/nai ou titores legais

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Para os efectos do protocolo para a prevención e control do absentismo escolar e do número máximo de faltas de asistencia permitidas, as ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

11.23.4. Procedemento fronte a unha confirmación dun contaxio pola Covid-19

No caso de comunicación ao centro educativo por parte do seu persoal ou de algún alumno/a da aparición dun caso confirmado farase o seguinte:

Actuación		Observacións	Responsable
1	**Comunicar os contactos estreitos a través da canle EduCovid.**	Incluír a información dos contactos estreitos do afectado/a, entre eles o compañeiros/as de aula, os máis próximos dentro da mesma e o profesorado que imparte clase nese grupo, os compañeiros/as do transporte, así como aquela información sobre outros contactos vinculados ao centro educativo que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais.	▪ Equipo Covid
		O rastrexo doutros eventuais contactos doutros ámbitos, incluídos os das actividades extraescolares terán que ser recollidos polo **SERGAS**.	
2	**Comunicar o positivo ao centro de saúde de referencia.**		▪ Equipo Covid
3	**Seguir as instrucións da autoridade sanitaria.**	▪ En función do número de contaxios, poderá ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro, o peche dunha/varias aulas/nivel educativo/ totalidade do centro. ▪ A persoa que dea positivo ten a obriga de estar en illamento polo menos 10 días e todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito gardarán corentena 14 días. ▪ O restante alumnado da aula que non teña a consideración de contacto estreito poderá continuar coa asistencia presencial á aula. ▪ Aos contactos estreitos realizaráselle unha proba de COVID nun prazo non superior a 48 horas para identificar ás persoas que teñan unha posible infección por COVID-19.	
4	**Retornar á actividade educativa presencial.**	▪ Unha vez finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro. ▪ Comunicación ao centro das medidas específicas que sexa preciso adoptar.	▪ Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia

A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia.

11.23.5. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial

No momento de decretarse a suspensión da actividade lectiva presencial procederase en base as seguintes actuacións:

Actuación		Responsable	Ferramenta(s)
1	Tal e como se recolle no Plan de Adaptación o profesorado debe **asegurarse de ter ao alumnado matriculado nos seus cursos da aula virtual** e familiarizado co seu funcionamento. Sen prexuízo do anterior, o profesorado poderá complementar a súa actividade docente con outras ferramentas como webex ou o correo electrónico.	▪ Profesorado de materia	▪ Aula virtual ▪ Webex ▪ Correo electrónico ▪ Outras

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

2	**Publicar na web do centro un apartado relativo a manuais e vídeos explicativos en relación ao manexo da aula virtual**, a disposición do alumnado, profesorado e familias.	▪ Coordinador TIC	▪ Web do centro
3	**Para planificar sesións para a explicación de contidos ou resolución de dúbidas ou programar algunha tarefa para facer nun día e momento concreto (a través da aula virtual, webex...) tomarase como referencia o horario do profesorado previa suspensión da actividade lectiva para evitar simultaneidade nas mesmas**. De precisar dúas ou máis sesións continuas precisarase do visto e prace da xefatura de estudos e do profesorado afectado.	▪ Profesorado de materia	▪ Correo electrónico ▪ Outras
4	**O equipo directivo fixará, oído o profesorado, un día á semana para a publicar na aula virtual as actividades semanais para o alumnado e outro día (data límite) para a súa entrega.**	▪ Equipo directivo	
5	**O mesmo día de publicación na aula virtual das actividades programadas con carácter semanal enviarase ao correo do centro unha relación dos contidos que se traballaran nese período.**	▪ Xefe/a de departamento	
6	**Publicación na web do centro da relación dos contidos semanais que serán traballados en cada materia por curso.**	▪ Equipo directivo	▪ Web do centro
7	**Entregarase (salvo causa xustificada) nun prazo non superior a 7 días as notas dos exames e traballos realizados.**	▪ Profesorado de materia	▪ Aula virtual ▪ Correo electrónico
8	**Elaboración dunha relación nominal do alumnado con dificultades de conexión ou falta de equipamento previamente identificados polos titores/as.**	▪ Equipo Covid	
9	**Atención á diversidade**: O alumnado debe recibir na medida do posible, as medidas de atención á diversidade que se estaban a poñer en práctica antes de que se suspendera a actividade lectiva presencial. - O profesorado de materia deberá seguir facilitando material adaptado para o alumnado con ACS ou reforzo. - O profesorado con dispoñibilidade horaria que dá reforzo coordinarase co profesorado de materia para a entrega de material ao alumnado con esta medida, dita coordinación adaptarase sempre en beneficio do alumnado e á operatividade do profesorado. - As especialistas de PT e AL deberán seguir aportando material ao alumnado que recibe o seu apoio.	▪ Profesorado de materia ▪ Profesorado de materia e profesorado de reforzo ▪ Profesorado de apoio	▪ Aula virtual ▪ Webex ▪ Correo electrónico ▪ Outras
10	**O profesorado titor solicitará cada 15 días información ao profesorado sobre o alumnado do seu grupo.** O profesorado titor de **pendentes** tamén solicitará cada 15 días información sobre o rendemento deste alumnado e encargarase de recopilar e promocionar na web os cambios producidos nas datas dos exames e outros aspectos avaliativos (cambios nos procedementos, ferramentas e criterios de cualificación).	▪ Profesorado titor ▪ Titor/a de pendentes	▪ Correo electrónico ▪ Outras ▪ Correo electrónico ▪ Outras
11	**Establecerase unha comunicación continua entre xefatura de estudos, departamento de orientación e profesorado titor** para intercambiar a información máis relevante (sexa comunicada polas familias, profesorado ou alumnado) necesaria para a toma de decisións ou para trazar liñas de actuación.	▪ Xefatura de estudos ▪ Xefe/a do Dpto. de Orientación ▪ Profesorado titor	▪ Correo electrónico

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

12	**Deseñar estratexias para traballar o aspecto emocional e a orientación académica.**	▪ Orientadora	▪ Web do centro ▪ Aula virtual

Reunións dos órganos colexiados de goberno e coordinación docente	
13	**As reunións realizaranse preferiblemente de xeito telemático** empregando para tal fin o **correo electrónico** e/ou **webex**. Porén, sempre que a situación sanitaria o permita, as xuntas de avaliación faranse de xeito presencial cumprindo coas normas de protección e distancia. Nas reunións ordinarias o secretario remitiralles ós membros do órgano colexiado cunha antelación mínima dunha semana a convocatoria da reunión coa orde do día. A documentación necesaria xuntarase á convocatoria ou, de non ser posible, irase entregando nos días previos para o mellor desenvolvemento da sesión, sempre cunha antelación mínima de dous días salvo casos excepcionais nos que se poderá entregar durante a mesma. Se os asuntos que se vaian tratar así o aconsellan, poderán realizarse convocatorias extraordinarias cunha antelación mínima de corenta e oito horas e sen suxeición a prazo previo nos casos de urxencia. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou emitido por correo electrónico.
14	**As datas das avaliacións e entrega de notas poderanse ver modificadas** de suspenderse a actividade lectiva. **A comunicación das cualificacións do alumnado realizarase mediante AbalarMóbil.**

11.23.6. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial

O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

En base ás características do centro, o Equipo Covid establecerá no marco do modelo publicado e baixo supervisión das autoridades educativas e sanitarias as actuacións a desenvolver poñendo énfase na importancia da concienciación do alumnado no cumprimento das medidas preventivas e de ser preciso na adecuación dos espazos.

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

11.24. Protocolo para o funcionamento da Unidade de Educación Especial

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

PROTOCOLO PARA O FUNCIONAMENTO DA UNIDADE DE EDUCACIÓN ESPECIAL

1. Actuacións en relación coa prevención, hixiene e protección

Terá como referencia o punto 5.3.1: medidas de protección individual para o conxunto dos membros da comunidade educativa.

	Actuacións	Responsable/s
1	Autoavaliación dos síntomas de forma diaria, cada mañá antes da chegada ao centro.	• Familia
2	Realizarase unha ventilación da aula antes do inicio das clases, durante o recreo e a saída. Sempre que se poida tamén se ventilará nos cambios de clase.	• Conserxe • Profesorado PT • Profesorado de garda
3	O alumno será trasladado ao centro e recollido posteriormente por parte da familia mentres a situación en relación coa Covid-19 se manteña. Porén, o alumno contará con transporte escolar adaptado que poderá ser empregado puntualmente.	• Familia
4	Hixiene de mans frecuente (ver cartelería ***anexo 11.11 e 11.12***) e uso de máscara por parte de profesorado e auxiliar técnico educativo xa que o alumno non a tolera.	• Profesorado • Auxiliar técnico educativo
5	Empregarase unha bata cando sexa preciso desenvolver actividades manipulativas con contacto físico co alumno e como consecuencia non se poida garantir a distancia de seguridade.	• Profesorado PT • Auxiliar Técnico Educativo
6	Habilitarase na aula un espazo específico para a desinfección do material	• Profesorado PT
7	A alimentación do alumno realizarase respectando a normativa preventiva do presente Plan de adaptación.	• Auxiliar Técnico Educativo
8	Uso de luvas nos momentos de asistencia á hixiene persoal do alumno.	• Auxiliar Técnico Educativo

Na UEE haberá xabón, panos desbotables e xel hidroalcólico ao igual que en todas as aulas e espazos do centro.

2. Actuacións en relación co material

	Actuacións	Responsable/s
1	O material permanecerá sempre na UEE, a cal se organizou durante o mes de setembro dun xeito ordenado e estruturado.	• Profesorado PT
2	Durante o mes de setembro eliminároнse os peluches.	• Profesorado PT
3	Adquiriuse unha funda de colchón impermeable e de fácil limpeza.	• Familia
4	Os materiais serán de fácil desinfección.	• Profesorado PT
5	Lavado semanal de mantas.	• Familia
6	Garantirase a desinfección do espazo de traballo como do material empregado despois do seu uso.	• Profesorado
7	Lavado frecuente das batas usadas.	• Profesorado PT • Auxiliar Técnico Educativo
8	Se o profesorado o require facilitaráselle lentes de protección.	• Secretario
9	Valorarase a posibilidade de instalación dunha billa adaptada e dunha mampara de metacrilato na mesa do alumno.	• Dpto. de Orientación

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

3. Actuacións en relación co profesorado/auxiliar técnico educativo		
	Actuacións	**Responsable/s**
1	A atención a este alumno farase de xeito individual na UEE e sempre atendido polo mesmo profesorado/auxiliar técnico educativo: PTs, orientadora , mestre de inglés, e en casos puntuais polo profesorado de garda**, reducindo ao mínimo o contacto físico e realizando un lavado de mans antes e despois do contacto.**	• Profesorado PT • Orientadora • Mestre de inglés • Profesorado de garda
2	Uso obrigatorio de máscara e hixiene frecuente de mans.	
3	Nas sesións na aula ordinaria a auxiliar técnico educativo empregará o elevador para o desprazamento ao primeiro andar e terá un sitio fixo preto da porta.	•Auxiliar técnico educativo
4	Uso dun cadro de control para anotar calquera incidencia (achégase modelo)	• Profesorado PT • Orientadora • Mestre de inglés • Profesorado de garda •Auxiliar técnico educativo

4. Comunicacións familia-centro e outras		
	Actuacións	**Responsable/s**
1	Priorizaranse as conversas telefónicas coa familia.	• Profesorado PT • Orientadora • Auxiliar técnico educativo
2	Realizarase o intercambio de información a través do correo electrónico e *whatsapp.*	• Profesorado PT • Orientadora • Auxiliar técnico educativo
3	Non viaxará a casa do alumno o caderno das actividades desenvolvidas diariamente, pero seguiranse rexistrando a diario nel o traballo realizado en cada sesión. A auxiliar técnico educativo faralle unha captura e enviaralla á nai a través do *whatsapp*.	• Profesorado PT • Orientadora • Auxiliar técnico educativo
4	Explicaráselle a todo o alumnado en xeral, e ao seu grupo de referencia en particular (2º de ESO), as medidas á hora de interactuar con este alumno.	•Orientadora

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

IES LAMAS DE CASTELO

Lamas de Castelo, s/n
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
ies.lamas.castelo@edu.xunta.gal
http://.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo

Cadro de control incidencias UEE

SEMANA DO _____ AO _____ DE _____ DO 20___

Día	Incidencia (especificar sesión)	Especialista
Luns		
Martes		
Mércores		
Xoves		
Venres		